UNIDADES DE DESENVOLVEMENTO INFANTIL E APOIO FAMILIAR




# CARTEIRA DE SERVIZOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ

agat

**Carteira de Servizos de Atención Temperá: Estudo preliminar**


**Autores/as**

Xaime Ponte, Coordinador UDIAFS

Marián Esparís, Psicóloga, Psicomotricista UDIAF O Deza

Maia García, Psicóloga, Coordinadora UDIAF O Deza

Gema Martínez, Psicóloga, Coordinadora UDIAF O Salnés

Montse Meis, Psicóloga, Psicomotricista UDIAF O Salnés

Carmen Piñeiro, Logopeda, UDIAF O Salnés

Genma Rodríguez, Pedagoga, Psicomotricista UDIAF O Deza

Mónica Romero, Logopeda UDIAF O Deza



Edita:

**Asociación Galega de Atención Temperá**

**R/Carmen 39-41 2º Esq.**

**15401 Ferrol**

**Tfno. 691448981**

**Correo-e: agat@atenciontemprana.com**

**URL: http://www.atenciontemprana.com**

**Deseño maquetación e producción**
Jose Manuel García Ramos – indicalo.com



© Asociación Galega de Atención Temperá

Consellería de Traballo e Benestar
Secretaría de Familia e Benestar
Edificio administrativo San Caetano
Santiago de Compostela

De conformidade coa memoria de prescricións técnicas para o desenvolvemento do proxecto recollido no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Atención Temperá para contribuír ao finanzamento dun "SERVICIO SOCIAL COMUNITARIO ESPECÍFICO DE ATENCIÓN TEMPERÁ A NENOS/AS/AS CON DISCAPACIDADES E AS SÚAS FAMILIAS", convenio asinado o día 12 de Abril de 2010, práceme remitirlle a Carteira de Servizos de Atención Temperá, a Memoria e a Avaliación das actividades realizadas polas UDIAFs ao longo do ano 2010, en cumprimento das cláusulas que o citado convenio establece.

# INDICE

Limiar.......... 5

## PARTE I: CARTEIRA DE SERVIZOS

Presentación: Carteira de servizos de Atención Temperá: estudo preliminar.... ........7

a. O SAT e a Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia..........9
b. O SAT e a Lei 39/2006 de autonomía persoal e atención á dependencia..........11
c. Definición do ámbito persoal..........13
d. Requisitos de acceso..........15
   O estudo Deza-Salnés sobre Atención Temperá e Dependencia..........15
e. Descrición das características e funcións dos SAT: Os CDIAT..........29
f. Autorización..........32
g. Acreditación..........34
h. Acreditación estrutural: contorno físico e mobiliario..........35
i. Acreditación estrutural: recursos humanos..........38
j. Acreditación formativa..........40
   a. Subprocesos..........41
   b. Sistemas..........45
   c. Funcións
k. Acreditación sumativa..........47
l. Táboa Resumen da Carteira de Servizos de Atención Temperá..........53

## PARTE II: MEMORIA E AVALIACIÓN DO ANO 2010 - UDIAFS DEZA-SALNES

1. Antecedentes..........56
2. Funcións..........57
3. Comarcas de referencia..........59
   a. Deza
   b. Salnés
4. Localización e horarios..........60
5. Recursos humanos..........62
6. Memoria de actividades..........64
   a. Prestacións individuais..........65
      i. Detalle cuantitativo por mes
      ii. Detalle cuantitativo por caso
   b. Prestacións comunitarias e de calidade..........75
      i. Detalle cuantitativo por mes
      ii. Detalle cuantitativo por actividades
7. Avaliación..........80
   a. Creación, explotación e análise estatístico da base de datos de solicitudes.....80
   b. Estudo de prestacións individuais..........82
   c. Calidade dos procesos asistenciais.......... ..........93
   d. Indicadores mensuais de actividade..........95
   e. Avaliación de infraestruturas e soportes..........96
   f. Enquisa de satisfacción de familias..........97
8. Conclusións..........102
9. Indice de táboas..........103
10. Índice de gráficos..........104

# LIMIAR

Dende xuño de 2009 a Asociación Galega de Atención Temperá ven desenvolvendo un proxecto para implantar duas unidades de Atención Temperá, as Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF), nas comarca do Salnés e do Deza na provincia de Pontevedra. A través dun convenio de colaboración, o proxecto conta co respaldo e financiación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. Na comarca do Salnés a UDIAF localízase no ámbito territorial dos concellos de Vilagarcia de Arousa e Cambados mentres que na comarca do Deza, grazas ao concello de Lalín, a UDIAF dispón dun local cedido pola citada institución.

Os datos que a continuación se expoñen, e que son unha continuación dos publicados o ano pasado (Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar. Memoria de Avaliación. Xunta de Galicia.2009) creemos que avalan a implantación das UDIAF do Salnés e do Deza como unha das experiencias máis interesantes no ámbito da Atención Temperá que se ten dado no noso contorno nos ultimos anos. Trátase dunha experiencia na que, grazas ao rexistro polo miudo da actividade cotián, pódese dar conta da demanda existente, da súa tipoloxía, da carga asistencial que implica, das redes sociais que se crean ou do nivel de satisfacción das familias. Todo isto nun marco de formación continua e de investigación aplicada á mellora do propio traballo e da rede de servizos existente en Galicia.

O traballo realizado permítenos agora coñecer mellor as necesidades das familias, facer estimacións sobre a demanda potencial, estudar as implicacións e alcance da Lei 39/2006 de Autonomía Persoal e Atención á Dependencia ou dispor dunha proposta de Carteira de Servizos. Elementos referenciais que sen dúbida servirán para avanzar na mellora, regulación e dinamización da Atención Temperá na dirección que marca o Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade 2010-2013 recentemente informado polo Consello do Goberno da Xunta de Galicia.

**Marzo 2011**

**Coro Piñeiro Vázquez**
**Directora Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal**

# PARTE I
# CARTEIRA DE SERVIZOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ: ESTUDO PRELIMINAR

## PRESENTACIÓN

A Atención Temperá defínese como "*o conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e ao entorno, que ten por obxectivo dar resposta o antes posible as necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou risco de padecelos. Estas intervencións, que deben considerar a globalizade do neno, han de ser planificadas por un equipo de profesionais de orientación interdisciplinar ou transdisciplinar*". (Libro Branco da Atención Temperá- LBAT, Real Padroado 2000)

Máis adiante o grupo de expertos da Comisión Europea define a Atención Temperá como "*o conxunto de intervencións para os nenos máis pequenos e as súas familias, que abarca calquera acción realizada cando un neno necesita un apoio especial para:*

- *Asegurar e mellorar o desenvolvemento persoal*
- *Reforzar as competencias da familia, e*
- *Fomentar a inclusión social da familia e do neno/a*

*Estas accións deben ofrecerse no entorno natural do neno, preferentemente na proximidade do seu domicilio, baixo un enfoque de traballo multidimensional e orientado ás familias*" (European Agency Special Needs Education, 2005)

**Gráfico CS1**




Estas definicións enmarcan as dimensións técnicas que debe ofrecer o servizo de atención temperá:

**Táboa CS1**

| Atención temperá | Obxectivos | Actuacións |
|---|---|---|
| - Base comunitaria | - Progreso desenvolvemento persoal | - Multidimensionais<br>- Centradas na familia |
| - Colaboración familia | - Mellora competencias familia | - No entorno natural do neno/a |
| - Itinerario personalizado | - Inclusión social | - Planificadas por equipo interdisciplinario |

Neste documento abordaremos as diferentes dimensións da prestación, enfocadas dende o punto de vista das necesidades estruturais e formativas que require un Servizo de Atención Temperá (SAT) para acadar os obxectivos que vimos de expor.

O documento é a resultante dun extenso percorrido polas referencias e experiencias básicas dos SAT no contorno europeo e español, contrastadas no territorio autonómico mediante o proxecto piloto de implantación de dous SAT de proximidade: as Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF), a partir do ano 2009 nas comarcas do Salnés e do Deza, na provincia de Pontevedra.

A carteira de servizos que imos describir na parte inicial deste documento baséase nunha serie de consideracións e dimensións de partida:

1. Engarce do SAT no sistema galego de servizos sociais de acordo coa Lei 13/2008
2. Inclusión no marco dos servizos de prevención e promoción da autonomía persoal conforme á Lei 39/2006
3. Definición do ámbito persoal e requisitos de acceso
4. Descrición dos dispositivos do SAT
5. Autorización de centros
6. Acreditación, estándares de calidade e procesos
7. Recursos humanos e ratios
8. Infraestrutura
9. Condicións físicas
10. Dotación xeral

## 1. O SAT e a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia

A Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, nos seus obxectivos (artigo 3.), ampara plenamente os propios do SAT, tal e como se recollen na súa definición técnica antes expresada:

**1.1.** Ao ter como obxectivo o de facilitar alternativas, recursos e itinerarios a aquelas persoas que se atopan en situación de risco para a exclusión social (artigo 3. a)

**1.2.** Ao procurar garantir a autonomía persoal das persoas que están en situación de dependencia (artigo 3.b) ou a prevención desta. (artigo 3. d)

**1.3.** Ao promover a conciliación da vida familiar e laboral e o apoio ás familias. (Artigo 3 e, i)

**1.4.** Ao rexerse por principios concordantes con aqueles que se consideran básicos en Atención Temperá (LBAT, 2000):

- 1.4.A. Universalidade
- 1.4.B. Prevención
- 1.4.C. Responsabilidade pública
- 1.4.D. Igualdade
- 1.4.E. Equidade
- 1.4.F. Autonomía persoal
- 1.4.G. Participación
- 1.4.H. Integración e normalización
- 1.4.I. Globalidade
- 1.4.J. Descentralización
- 1.4.K. Coordinación
- 1.4.L. Eficiencia
- 1.4.M. Avaliación

**1.5.** As características do SAT o asimilan de cheo aos servizos de carácter técnico profesional que define a Lei 13/2008:

1.5.A. Como servizo que informa, orienta, asesora e o acompaña ás persoas, ás familias ou aos grupos (Artigo 19 1. a)

1.5.B. Como servizo que valora e realiza diagnóstico social das demandas (Artigo 19 1. b)

1.5.C. Como servizo que intervén dun xeito biopsicosocial e socioeducativo que favorece a adquisición ou recuperación de funcións e habilidades persoais e sociais de cara á mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e á inclusión social (Artigo 19 1. c).

**1.6.** Por esta razón e conforme a propia norma referida os SAT deberían ter a consideración de servizos esenciais (Artigos 18 2.a e 19.2) configurados como dereito esixible e garantidos para aquelas persoas que cumpran as condicións establecidas de acordo coa valoración técnica da súa situación.

**1.7.** A conceptualización dos Centros de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá, que, segundo o LBAT, son os dispositivos descentralizados básicos para implementar a prestación, coincide plenamente, na definición de recursos que establece a Lei 13/2008, coas características que atribúe a citada Lei aos servizos sociais comunitarios específicos como recursos orientados a colectivos con problemáticas singulares ou específicas, e coas seguintes funcións:

1.7.A. Actividades para prever a exclusión de grupos vulnerables

1.7.B. Atención directa a colectivos con déficit de autonomía ou en risco de exclusión mediante actuacións en medio aberto en centros de carácter non residencial

1.7.C. Atención a colectivos con necesidades específicas no marco establecido no artigo terceiro da Lei

## 2. O SAT E A LEI 39/2006 DE AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

**2.1.** A Lei 39/2006 como é sabido refírese basicamente a promover servizos sociais, tal e como establece no seu preámbulo: "dotar os recursos necesarios para facer efectivo un sistema de servizos sociais de calidade, garantista e plenamente universais…" e concretamente establece servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal (capítulo 15.1) que coinciden cos obxectivos e principios do SAT. Unha parte relevante desta Lei é a referencia específica que realiza aos menores de 3 anos (Artigo 5 b.) que concreta na disposición adicional decimoterceira coa previsión de que o Consello Territorial do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) promova un plan integral de atención o colectivo de menores de tres anos, para facilitar *atención temperá* e rehabilitación.

**2.2.** Unha primeira concreción desta previsión, pero ampliada ata os 6 anos, ven da man do Acordo do Consello do SAAD de 28 de Outubro de 2010 (BOE 18-02-2011) que establece que a Atención Temperá é unha prestación asistencial do SAAD incluída como servizo de promoción da autonomía persoal para os menores dependentes de grado I, nivel 2 e 1 con un mínimo de 6 horas mensuais e efectos dende inicios de 2011 e 2012 respectivamente*, sen perxuicio de que as autonomías poidan establecer maiores intensidades dos servizos e programas e accións complementarias como asesoramento ou acompañamento activo, asistencia en formación en tecnoloxías de apoio e adaptacións para facilitar a realización das actividades da vida cotián.*

**2.3.** A partir deste acordo cabe esperar a ampliación do dereito á atención temperá para os dependentes de Grado II e III coas intensidades mínimas que acorde o Consello do SAAD ben dun xeito complementario ou como parte da aprobación das normas, criterios e recomendacións mínimas do Plan de Atención Integral que facilite Atención Temperá aos menores de tres anos en situación de dependencia.

**2.4.** Os principios da Lei 39/2006 son de aplicación ás recomendacións técnicas do SAT:

2.4.A. Universalidade

2.4.B. Atención Integral
2.4.C. Transversalidade
2.4.D. Equidade
2.4.E. Personalización
2.4.F. Prevención
2.4.G. Permanencia no entorno
2.4.H. Calidade
2.4.I. Prevención
2.4.J. Participación
2.4.K. Coordinación

## 3. DEFINICIÓN DO ÁMBITO PERSOAL

A Atención Temperá diríxese segundo o LBAT aos nenos entre 0 e 6 anos que presentan trastornos do desenvolvemento ou están en risco de padecelos. Marcar estes límites cronolóxicos ten que ver coa necesidade de especialización que implica esta época da vida, coa especificidade dos procesos, a diversidade de itinerarios e contextos no que se produce o desenvolvemento infantil e a complexidade dos temas a resolver cando o desenvolvemento infantil non segue o curso previsto.

Se ben a expresión "trastornos do desenvolvemento ou risco de padecelos" pode inducir a confusión ou padecer de certa inconcreción as Recomendacións Técnicas para o Desenvolvemento da Atención Temperá (Real Padroado sobre Discapacidade, 2005) delimitan esta definición sinalando que deben incluírse baixo esta conceptualización "todas as categorías diagnósticas o situacións sociofamiliares incluídas no Nivel II dos Eixes IV, V e VI da Organización Diagnóstica para a Atención Temperá (ODAT )", é dicir, tódolos nenos/as que ben por presentar unha condición biolóxica anómala ou por afrontar condicións particularmente inadecuadas de socialización teñen necesidades especiais para poder progresar no desenvolvemento da súa autonomía persoal é facilitar a súa inclusión social, requirindo unha atención especializada.

**Táboa CS2**

| ODAT | | | |
|---|---|---|---|
| | **Eixo IV** | **Eixo V** | **Eixo VI** |
| **Título** | Trastornos do desenvolvemento | Familia | Entorno |
| **Descrición** | 1. Motor<br>2. Visual<br>3. Auditivo<br>4. Psicomotor<br>5. Cognitivo<br>6. Linguaxe<br>7. Expresión somática<br>8. Emocional<br>9. Regulación e | 1. Interacción<br>2. Tipos de relación familia-neno/a | 1. Ausencia coidadores/as sensibles<br>2. Malos tratos e abusos<br>3. Neglixencia<br>4. Institucionalización prolongada<br>5. Permanencia excesiva en medio aberto<br>6. Hacinamento e chabolismo |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | comportamento<br>10. Relación e comunicación | | 7. Violencia e inseguridade ambiental<br>8. Pobreza extrema<br>9. Confluencia factores exclusión |

A ODAT marca así unha liña de separación nítida entre a mera presenza dun ou varios factores de risco (que describe nos Eixes I, II e III) e a conveniencia ou necesidade de intervención, xa que logo pode haber simultaneamente no entorno do cativo/a factores de protección que minimicen ou compensen os citados factores de risco, circunstancias que deben terse en conta nos programas de prevención primaria e secundaria que desenvolvan os recursos de atención primaria, ou os programas dirixidos a colectivos específicos nos que sexa necesaria unha actuación cooperativa entre servizos e sistemas.

Seguindo unha curva teórica de distribución normal dos itinerarios evolutivos ao redor dun 16% da poboación infantil atoparíase nunha franxa de teórico risco a partir da primeira desviación estándar e un 2,1 % sería o porcentaxe de alto risco situado a esquerda do punto de corte marcado pola segunda desviación.

Na práctica profesional, e en función de distintas estimacións, a poboación diana da Atención Temperá cífrase nun 5% da poboación 0-6, poboación diana que incluiría as seguintes franxas con alta vulnerabilidade evolutiva (haberá nenos que pertenzan a máis dunha delas):

**Táboa CS3**

| NECESITAN ATENCIÓN TEMPERÁ | |
|---|---|
| A poboación con anomalías conxénitas ou discapacidades nas estruturas ou funcións corporais con repercusión evolutiva e relacional (Eixo IV da ODAT) | 1% |
| A poboación con discapacidades ou retrasos evolutivos nas actividades e na participación motivadas por determinantes psicosociais (Eixo V e VI da ODAT) | 3-5 % |
| A poboación con situacións biopsicopsociais moi vulnerables (p.ex. prematuridade) | 1,5 % |

## 4. REQUISITOS DE ACCESO

A Lei 39/2006, e os acordos subseguintes do Consello Interterritorial do SAAD están a recoñecer a Atención Temperá como unha prestación asistencial básica no Estado, un servizo de promoción da autonomía persoal, dirixido a tódolos menores de 6 anos recoñecidos en situación de dependencia conforme á escala de baremación EVE (0-3) ou BVD (3-6).

Un asunto importante que plantexa este requisito sería por unha banda a adecuación das citadas escalas para discriminar dun xeito axeitado ao conxunto da poboación diana da Atención Temperá de 0 a 6 anos. E por outro a súa fiabilidade para a función para a que foron elaboradas, nomeadamente medir o grado e nivel de dependencia.

**O estudo Deza-Salnés sobre Atención Temperá e Dependencia**

Con obxecto de estudar ambos asuntos a Asociación Galega de Atención Temperá realizou ao longo dos meses de Novembro de 2010 a Marzo de 2011 un estudo sobre os resultados de aplicar os baremos de acceso ao sistema da dependencia á poboación infantil que atende ás Unidades de Desenvolvemento Infantil Apoio Familiar (UDIAF) das comarcas do Deza e do Salnés na provincia de Pontevedra.

Entre Decembro de 2010 e Febreiro de 2011 aplicáronse os baremos EVE ou BVD aos cativos/as que atenden a ambas unidades e que abarcan o espectro de 0 a 16 anos na UDIAF o Deza e de 0 a 6 anos na UDIAF O Salnés. 5 nenos/as da Unidade do Deza e 10 da Unidade do Salnés foron excluídos por tratarse ben de casos novos, ou por contar con datos incompletos na recollida final das observacións e dos resultados. En total estudáronse 85 casos de 100 polo que consideramos que a mostra final é representativa da poboación que atende ás citadas unidades.

En canto á idade a maioría da mostra sitúase no entorno dos 1 a 5 anos que representan mais do 80% da total. A frecuencia é particularmente importante nas idades de 3, 4 e 5 anos, cun 19,8%, 20,9% e 25,8% dos casos totais.

**Gráfico CS2**




**Atención temperá e dependencia**

O baremo EVE para nenos de 0 a 3 anos recoñece os tres grados habituais de dependencia pero non distingue entre niveis 1 e 2 outorgando o nivel 2 en tódolos casos. O baremo destaca tres tipos de situacións: as derivadas do baixo peso ao nacemento ; as derivadas da necesidade de medidas de soporte vital, e as resultantes de presentar un retraso evolutivo. Con esta finalidade o baremo incorpora unha escalas especificas para avaliar a área motriz e a adaptativa, elaboradas expresamente para este fin.

O baremo BVD, para nenos de 3 a 6 anos é unha versión moi simplificada do baremo xeral BVD e valora a capacidade de realizar tarefas básicas de vida diaria e a necesidade de supervisión ou asistencia física no seu desempeño.

Pois ben, dos 85 casos valorados o 66,28% non cumpren os requisitos do EVE ou o BVD para ter o recoñecemento da dependencia fronte ao 33,62% que si os cumpren.

**Gráfico CS3**




Ceñíndonos aos casos entre 0 e 6 anos que é a poboación diana da Atención Temperá o nº de casos sería 69 e a súa distribución semellante polo que en tanto non se modifiquen os citados baremos ou se publique norma complementaria a través dos Planes Integrais de Atención que contempla a disposición adicional decimoterceira da Lei 39/2006, a súa aplicación excluiría do sistema protector da dependencia a unha franxa moi importante de poboación infantil que precisaría atención temperá

**Gráfico CS4**



Chama a atención a este nivel a gran diferenza entre os nenos/as de 0-3 (EVE) e os/as de 3-6 (BVD), tanto en canto ao nº de casos, como das proporcións de nenos e nenas con e sen dependencia que están asistindo á Atención Temperá.

**Gráfico CS5**




**Táboa CS4**

| EVE | | | |
|---|---|---|---|
| | | Reconto | % |
| Valido | Grado 0 | 2 | 16,7 |
| | Grado I Nivel 2 | 1 | 8,3 |
| | Grado II Nivel 2 | 2 | 16,7 |
| | Grado III Nivel 2 | 7 | 58,3 |
| | Total | 12 | 100,0 |

## Gráfico CS6




## Táboa CS5

| BVD | | | |
|---|---|---|---|
| | | Reconto | % |
| Valido | Grado 0 | 43 | 75,4 |
| | Grado I Nivel 1 | 3 | 5,3 |
| | Grado I Nivel 2 | 1 | 1,8 |
| | Grado II Nivel 1 | 2 | 3,5 |
| | Grado II Nivel 2 | 3 | 5,3 |
| | Grado III Nivel 1 | 2 | 3,5 |
| | Grado III Nivel 2 | 3 | 5,3 |
| | Total | 57 | 100,0 |

No que se refire ao nº de nenos/as apréciase o paradoxo do peso tan baixo que ten a franxa 0-3 (18,3 %) no total dos nenos/as 0-6, fronte ao peso tan alto comparativo dos nenos/as en situación de dependencia (41,6 %). De feito, practicamente un 85% dos nenos/as en 0-3 están recoñecidos en situación de dependencia. Uns datos que subliñan ás dificultades para conseguir avanzar na detección e identificación precoz de tal xeito que tan só os nenos e nenas moi afectados dende o punto de vista evolutivo acoden as Unidades. E a importancia da escolarización no segundo ciclo de primaria para facer emerxer as dificultades no desenvolvemento que ata entón eran invisibles.

No gráfico CS7 e nas táboas CS6 (global) e CS7 (polo miúdo) móstrase a relación dos casos individuais analizados e a súa situación en relación ao recoñecemento da dependencia:

**Táboa CS6**

| TIPO DE CASOS | Totais | 0-6 |
|---|---|---|
| Casos actualmente recoñecidos (figuran como "si") | **12** | **8** |
| Casos que poderían ser recoñecidos (figuran como "posible") | **16** | **15** |
| Casos que non cumpren os requisitos do baremo (figuran como "non") | **58** | **46** |

**Gráfico CS7**



**Táboa CS7**

**MOSTRA DE CASOS DAS UDIAF DEZA E SALNES E A SÚA RELACIÓN CO RECOÑECEMENTO DA DEPENDENCIA**

| Nº | Idade | Legal | Diagnóstico evolutivo | Grado EVE | GRADO BVD |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 1 | si | Anoxia neonatal | Grado I nivel 2 | eve |
| 2 | 1 | posible | Macrocefalia, retraso Psicomotor | Grado III nivel 2 | eve |
| 3 | 1 | posible | Retraso Psicomotor | Grado III nivel 2 | eve |
| 4 | 1 | posible | Axenesia de corpo calloso | Grado III | eve |
| 5 | 1 | non | Hidrocefalia | Grado 0 | eve |
| 6 | 2 | non | Delección 22 q11.2, problemas cardíacos e de inmunidade (sen illamento) | Grado 0 | eve |
| 7 | 2 | posible | Retraso Psicomotor | Grado II nivel 2 | eve |
| 8 | 2 | si | Retraso Psicomotor, Cardiopatía | Grado II nivel 2 | eve |
| 9 | 2 | posible | Retraso Global | Grado III nivel 2 | eve |
| 10 | 2 | posible | Encefalite herpética, Retraso Psicomotor | Grado III nivel 2 | eve |
| 11 | 2 | posible | Trastorno da linguaxe e da comunicación | Grado III nivel 2 | eve |
| 12 | 2 | si | Retraso psicomotor | Grado III nivel 2 | eve |
| 13 | 3 | non | Retraso Psicomotor | bvd | Grado III nivel 2 |
| 14 | 3 | posible | Retraso Global | bvd | Grado I nivel 1 |
| 15 | 3 | non | TGD | bvd | Grado 0 |
| 16 | 3 | non | Autismo | bvd | Grado 0 |
| 17 | 3 | non | Mielomeningocele L4L5 | bvd | Grado 0 |
| 18 | 3 | posible | TEL | bvd | Grado I nivel 2 |
| 19 | 3 | non | Torpeza motriz, dificultades importante de linguaxe | bvd | Grado 0 |
| 20 | 3 | non | Retraso Simple da Fala | bvd | Grado 0 |
| 21 | 3 | posible | Retraso psicomotor | bvd | Grado II nivel 2 |
| 22 | 3 | posible | Parálise cerebral espástica | bvd | Grado III nivel 2 |
| 23 | 3 | non | Trastorno da linguaxe e problemas emocionais | bvd | Grado 0 |
| 24 | 3 | non | Problema emocional | bvd | Grado 0 |
| 25 | 3 | non | Retraso global | bvd | Grado 0 |
| 26 | 3 | non | Retraso simple da linguaxe | bvd | Grado 0 |
| 27 | 3 | non | Problemas emocionais e de comportamento | bvd | Grado 0 |
| 28 | 3 | non | Problemas de comportamento e illamento | bvd | Grado 0 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 29 | 3 | non | Dificultades de relación | bvd | Grado 0 |
| 30 | 4 | posible | S. West | bvd | Grado II nivel 2 |
| 31 | 4 | si | Autismo | bvd | Grado II nivel 2 |
| 32 | 4 | si | Retraso Psicomotor | bvd | Grado III nivel 1 |
| 33 | 4 | si | Macrocefalia, retraso Psicomotor | bvd | Grado II nivel 1 |
| 34 | 4 | non | Retraso Psicomotor | bvd | Grado 0 |
| 35 | 4 | si | S. Down | bvd | Grado III nivel 1 |
| 36 | 4 | posible | Escleroses tuberosa | bvd | Grado I nivel 1 |
| 37 | 4 | non | Linguaxe inintelixible, non alcanza o nivel da aula | bvd | Grado 0 |
| 38 | 4 | si | S. Marfan | bvd | Grado III nivel 2 |
| 39 | 4 | non | Hipoacusia mixta. Pérdida auditiva media de O.E. | bvd | Grado 0 |
| 40 | 4 | non | Trastorno da linguaxe oral | bvd | Grado 0 |
| 41 | 4 | non | Síndrome DAMP | bvd | Grado 0 |
| 42 | 4 | non | Dificultades nas relacións, non contacto ocular, retraso da linguaxe | bvd | Grado 0 |
| 43 | 4 | non | Retraso no desenvolvemento | bvd | Grado 0 |
| 44 | 4 | non | Problemas de comportamento | bvd | Grado 0 |
| 45 | 4 | non | Retraso simple da linguaxe | bvd | Grado 0 |
| 46 | 4 | non | Retraso psicomotor leve, retraso linguaxe | bvd | Grado 0 |
| 47 | 4 | non | Problemas de comportamento | bvd | Grado 0 |
| 48 | 5 | non | Retraso Psicomotor | bvd | Grado 0 |
| 49 | 5 | non | Autismo | bvd | Grado 0 |
| 50 | 5 | non | Retraso Global | bvd | Grado 0 |
| 51 | 5 | posible | Delección cr. 2q23.3-q24.1 | bvd | Grado I nivel 1 |
| 52 | 5 | non | Dificultades escolares, problemas de comportamento, e situación familiar problemática | bvd | Grado 0 |
| 53 | 5 | posible | Síndrome West- derivado en Lennox-Gastaut | bvd | Grado II nivel 1 |
| 54 | 5 | non | Retraso Madurativo | bvd | Grado 0 |
| 55 | 5 | non | Retraso no desenvolvemento | bvd | Grado 0 |
| 56 | 5 | non | Trastorno del lenguaje | bvd | Grado 0 |
| 57 | 5 | non | Retraso no desenrolo fonolóxico | bvd | Grado 0 |
| 58 | 5 | non | Disfluencia na fala | bvd | Grado 0 |
| 59 | 5 | non | Trastorno do desenvolvemento | bvd | Grado 0 |
| 60 | 5 | non | Trastorno da linguaxe e problemas de conduta | bvd | Grado 0 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 61 | 5 | non | Retraso da linguaxe | bvd | Grado 0 |
| 62 | 5 | non | Posible Hiperactividade, dislalias | bvd | Grado 0 |
| 63 | 5 | non | Retraso simple da linguaxe (Dislalias), escaso contacto ocular e dificultades nas re | bvd | Grado 0 |
| 64 | 5 | non | Retraso linguaxe, dislalias | bvd | Grado 0 |
| 65 | 5 | non | Retraso da linguaxe | bvd | Grado 0 |
| 66 | 5 | non | TDAH | bvd | Grado 0 |
| 67 | 5 | non | Retraso piscomotor leve, retraso linguaxe | bvd | Grado 0 |
| 68 | 5 | non | Retraso cognitivo | bvd | Grado 0 |
| 69 | 5 | non | Retraso madurativo, adopción internacional | bvd | Grado 0 |
| 70 | 6 | non | Retraso Evolutivo | bvd | Grado 0 |
| 71 | 7 | non | Trastorno de ansiedade de separación | bvd | Grado 0 |
| 72 | 8 | non | ¿Trastorno obsesivo-compulsivo? | bvd | Grado 0 |
| 73 | 8 | si | Trastorno Autista | bvd | Grado I Nivel 2 |
| 74 | 8 | si | Encefalopatía por Citomegalovirus. Hipoacusia neurosensorial bilateral con implante c | bvd | Grado III Nivel 1 |
| 75 | 9 | non | TDAH; Dislexia y problema emocional asociado | bvd | Grado 0 |
| 76 | 9 | si | Síndrome de Down | bvd | Grado II Nivel 1 |
| 77 | 10 | non | TDAH | bvd | Grado 0 |
| 78 | 10 | non | TDAH; Trastorno negativista desafiante | bvd | Grado 0 |
| 79 | 10 | non | Trastorno negativista desafiante | bvd | Grado 0 |
| 80 | 11 | non | Trastorno emocional | bvd | Grado 0 |
| 81 | 11 | si | Sen diagnóstico. Problemas graves de visión + retraso no desenvolvemento global. | bvd | Grado I Nivel 2 |
| 82 | 12 | non | Dislexia | bvd | Grado 0 |
| 83 | 13 | non | Dislexia | bvd | Grado 0 |
| 84 | 13 | non | TDAH; Trastorno de Ansiedade Xeralizada; Trastorno negativista desafiante | bvd | Grado 0 |
| 85 | 13 | posible | Diplexia Espástica por P.C | bvd | Grado II Nivel 2 |
| 86 | 15 | non | Trastorno afectivo | bvd | Grado 0 |

**Análise cualitativo. Os casos excluídos**

Outra aproximación de interese é a investigación da tipoloxía dos casos que polo filtro dos baremos EVE e BVD quedan fora do sistema de protección da dependencia. Para elo fixemos unha aproximación a os casos Grado 0 dende dúas perspectivas. Nunha das unidades pedimos aos profesionais unha descrición sintética das dificultades evolutivas dos nenos/as que puntuaban grado 0. Na outra solicitamos unha exposición dos apartados nos que puntuaban/non puntuaban os nenos/as Grado O no BVD. Os resultados figuran de seguido nas Táboas CS8 e CS9

**Táboa CS8**

| Idade | Tipoloxía | Problemáticas excluídas |
|---|---|---|
| 1ano | Hidrocefalia | **Grado 0**<br>Dificultades na linguaxe expresiva, apenas pronuncia catro palabras, cústalle dominar os movementos amplos, falta de equilibrio, descordinación, etc) |
| 3 anos | Retraso Simple da Fala e outras non especificadas | **Grado 0.**<br>Nena prematura con paladar oxival, articulación deficitaria das palabras, dificultades na linguaxe, problemas de fonoloxía a nivel expresivo costa moito entendela, babeo ocasional. Dificultades en psicomotricidade grosa; equilibrio deficitario, mala coordinación e execución de movementos, problemas conduta no que se refire a chamadas de atención co control de esfínteres. |
| 3 anos | Trastorno da linguaxe e problemas emocionais | **Grado 0.**<br>Nena con dificultades severas na linguaxe expresiva e comprensiva, non estrutura frases sinxelas, carece de estruturas morfosintácticas, non se comunica nin cos compañeiros, nin coa adultos, mutismo selectivo, moitas dificultades na expresión oral. Serios problemas de conduta, agresividade (araña e morde). Presenta un déficit cognitivo amplo, non realiza asociacións, nin clasifica forma, color e tamaño, igual/diferente, ... Dificultades nas relacións sociais. |
| 3 anos | Problema emocional e de comportamento | **Grado 0.**<br>Terrores nocturnos. Hiperactividade. Condutas disruptivas orixinadas pola sensación de perda e abandono da figura de apego ata en tres ocasións. |
| 4 anos | Hipoacusia mixta. Perdida auditiva media de O.E.<br>Trastorno da linguaxe<br>Trastorno afectivo | **Grado 0.**<br>A linguaxe oral limítase a unhas poucas palabras, pero estas soen estar distorsionadas. Este neno presenta unha aparente ansiedade de separación da nai e unha personalidade introvertida, polo que está sendo moi difícil recadar datos da avaliación. |
| 4 anos | Trastorno da linguaxe oral | **Grado 0**<br>Graves dificultades na linguaxe oral, fundamentalmente na vertente expresiva. Presenta limitacións para imitar os movementos da zona orofacial e en consecuencia os necesarios para os sons da fala. Isto impídelle adquirir a linguaxe oral, a cal se limita á produción de escasas palabras distorsionadas e/ou limitadas á produción dos sons que é capaz de dicir. Ata o momento de acudir á unidade utilizaba chupete e tomaba o biberón dúas veces ó día, o cal lle provocou mordida aberta frontal e posición baixa da lingua en repouso. |

| | | |
|---|---|---|
| 5 anos | Retraso Madurativo | **Grado 0.** Antecedentes de retiro de tutela.Madre con diagnóstico de enfermidade mental. Neno inquieto, inmaduro, dificultades de atención, concentración e memoria. Comprensión moi precaria que xenera dificultades na linguaxe expresiva, conciencia fonolóxica pobre e deficitaria, retraso no desenvolvemento global. Dificultades no aspecto emocional e condutual. |
| 5 anos | Retraso no desenvolvemento | **Grado 0.** Derivada por Servizos Sociais. Deficiencias na vivenda, carencia de hixiene e falta de adaptación ás necesidades do neno.Nena que presenta actualmente un retraso significante no desenvolvemento global con serios problemas de conduta, non acata límite, nin normas, non ten capacidade resolutiva. Chegou a unidade con mutismo selectivo. Presenta un déficit cognitivo amplo, dificultades de comprensión e atención. Non sabe esperar nin autorregularse, problemas de relación no colexio. Carencias de coidados persoais e de saúde na casa. |
| 5 anos | Trastorno da linguaxe | **Grado 0.** Retraso na linguaxe tanto a nivel expresivo como comprensivo. Nivel de desenvolvemento de habilidades psicolingüísticas dun neno de 3 anos |
| 5 anos | Retraso no desenrolo fonolóxico | **Grado 0.** Nena prematura. Presenta múltiples simplificacións fonolóxicas e dislalias que non son propias da súa idade. Sen embargo, estas limitacións non lle impiden comunicarse con fluidez e a fala soe ser intelixible. Estivo tomando o biberón ata o momento de entrar na unidade. |
| 5 anos | Difluencia na fala | **Grado 0.** Presenta unha fala difluente caracterizada por repeticións de sílabas ou palabras, rectificacións, e non se observan movementos asociados. A difluencia soe aparecer en situacións que lle producen ansiedade, nerviosismo,…, aínda que non sempre. |
| 5 anos | Trastorno do desenvolvemento | **Grado 0.** Excesiva dependencia dos adultos familiares de referencia, con gran inseguridade afectiva. Dificultades para amosar iniciativa, prestar atención e desenvolver aprendizaxes ou asumir condutas ben adaptadas. A súa fala está caracterizada por unha entoación interrogativa, frases feitas, gramática rudimentaria e inversión pronominal. |
| 5 anos | Trastorno da linguaxe e problemas de conduta | **Grado 0**. Limitacións na linguaxe expresiva, non ten conciencia fonoloxía, moitas dislalias, dificultades de vocalización e praxias bucais. Non ten atención compartida, dificultades de memoria a longo prazo, hipotonía muscular. Déficit en equilibrio, descordinación de extremidades superiores e inferiores, manipulación fina moi precaria, mans e dedos moi hipotónicos. |
| 6 anos | Retraso Evolutivo | **Grado 0.** Implicación dos Servizos sociais. Deficiencias na vivenda, carencia de hixiene e falta de adaptación ás necesidades do neno. Ausencia prolongada de estimulación. Retraso en tódalas áreas do desenvolvemento . Cociente de desenvolvemento de 65. |

Esta aproximación pon de manifesto que os baremos deixan de cribar problemas evolutivos en diferentes áreas do desenvolvemento, sendo particularmente insensibles ante os problemas da linguaxe, do conduta e de carácter cognitivo-emocional no tramo 3-6, obviando tamén problemas de torpeza motriz ou dificultades transversais no

desenvolvemento como o retraso psicomotor. Sendo chamativo por exemplo que se poida dar o paradoxo de ter acceso á dependencia como prematuro nos 6 primeiros meses de vida, aínda sen ter manifestacións obvias de retraso evolutivo, e quedar fora do sistema de promoción da autonomía persoal cando os problemas emerxen no tramo de 1 a 6 anos. Ou que a problemática dos nenos/as con trastornos do desenvolvemento de orixe psicosocial ou con disarmonias evolutivas moi graves quede enmascarada pola presenza de habilidades funcionais fragmentarias.

**Táboa CS9**

| Idade | Tipoloxía | Áreas de puntuación no EVE, BVD |
|---|---|---|
| 2 anos | Delección 22 q11.2, problemas cardíacos e de inmunidade | Non puntúa na EVE |
| 4 anos | Retraso Psicomotor | Tan só puntúa no ítem de relacións interpersonais do BVD |
| 5 anos | Retraso Psicomotor | Non puntúa, o BVD non reflicte o retraso evolutivo |
| 5 anos | Trastorno do Espectro Autista | Non puntúa no BVD, polo seu nivel funcional non puntúa. |
| 4 anos | Retraso psicomotor | Non puntúa no BVD |
| 3 anos | Trastorno Xeralizado do Desenvolvemento | Tan so puntúa no ítem de relacións interpersonais |
| 3 anos | Trastorno do Espectro Autista | Tan só puntúa no ítem de relacións interpersonais |
| 3 anos | Mielomeningocele | Tan só puntúa nos ítems de continencia de micción e defecación. |
| 4 anos | Síndrome DAMP | Non puntúa no BVD 3-6 |
| 5 anos | Retraso da linguaxe | Non puntúa no BVD 3-6 |
| 5 anos | Posible hiperactividade, dislalias | Non puntúa no BVD 3-6 |
| 5 anos | Trastorno afectivo-emocional | Non puntúa no BVD 3-6 |
| 4 anos | Dificultades nas relacións, non contacto ocular, retraso da linguaxe | Non puntúa no BVD 3-6 |
| 5 anos | Dislalias | Non puntúa no BVD 3-6 |
| 5 anos | Retraso da linguaxe | Non puntúa no BVD 3-6 |
| 4 anos | Retraso no desenvolvemento | Non puntúa no BVD 3-6 |
| 3 anos | Retraso simple da linguaxe | Non puntúa no BVD 3-6 |
| 3 anos | Problemas emocionais e de comportamento | Non puntúa no BVD 3-6 |

A través de esta aproximación comprobamos que os baremos son pouco sensibles a dificultades evolutivas moi significativas, moi particularmente no tramo 3-6:

- Por unha banda son indiferentes as dificultades relacionais derivadas dos efectos do diagnóstico de unha discapacidade ou da presenza de problemas no contorno sociofamiliar dos nenos e nenas. A este respecto unha lagoa significativa do sistema e que se deixa fora do mesmo a nenos/as que presentan anomalías conxénitas que pola súa carga de estigma ou de problemática evolutiva, como as cromosomopatias ou outras malformacións, constitúen situacións de gran complexidade adaptativa para os nenos/as e as súas familias e deben contar sempre, igual que os prematuros, cun asesoramento e un acompañamento dende atención temperá.

- Por outra banda, os baremos, e de forma destacada o BVD, teñen dificultades para identificar como dependentes a nenos/as que na vida cotián si o son, como os nenos/as con dificultades na relación interpersoal do tipo dos trastornos do espectro autista ou o retraso psicomotor que precisan unha supervisión constante por máis que poidan realizar algunhas actividades dun xeito autónomo á requirimento do adulto oo cando están insertas en rutinas moi automatizadas. Estes nenos/as precisan dunha atención constante e activa pola parte do adulto, xa que logo, a diferenza dos seus pares de 3-6 con desenvolvemento típico non son capaces de autoregularse nunha actividade funcional ou de xogo dun xeito autónomo ou en cooperación con outros nenos/as.

En conclusión, o estudo amosa que os baremos aplicables para o recoñecemento da dependencia nas etapas 0-3 e 3-6, cumpren ao noso entender dun xeito insuficiente coa vontade dos lexisladores, expresada na disposición adicional decimoterceira da Lei 39/2006, de establecer un sistema que ampare a prevención da dependencia e a promoción da autonomía persoal dos nenos e nenas de 0-3 anos mediante unha identificación axeitada das problemáticas evolutivas. Cabe subliñar que todas as Comunidades Autónomas que veñen lexislando sobre Atención Temperá dende a publicación da Lei 39/2006, estableceron medidas adicionais de protección dende a propia Comunidade Autónoma co obxecto de cubrir o ámbito temporal de 0 a 6 anos e o ámbito persoal das problemáticas protexidas:

- CANTABRIA. Lei de Cantabria 2/2007 de 27 de marzo, de Dereitos e Servizos Sociais. Artigo 27-13
- NAVARRA. Orden Foral 317/2009, de 16 de outubro, da Conselleira de Asuntos Sociais, Familia, Xuventude e Deporte, pola que se regula o servizo de Atención Temperá. Artigo 2

- RIOJA. Orde 2/2010, de 11 de xaneiro, da Consellería de Servizos Sociais, pola que se regula o procedemento para a intervención de servizos sociais en atención temperá
- BALEARES. Decreto 85/2010, de 25 de xuño polo que se regula a rede pública e concertada de atención temperá no ámbito dos servizos sociais das Illes Balears. Artigo 2
- CASTELA E LEÓN. Decreto 53/2010, de 2 de decembro, de coordinación interadministrativa na Atención Temperá en Castela e León. Artigo 3
- CASTELA A MANCHA. Lei 14/2010, de 16 de decembro, de Servizos Sociais de Castela-A Mancha. Artigo 37.

## 5. Descrición das características e funcións dos SAT: OS CDIAT

Dende a publicación do LBAT, o Centro de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá (CDIAT) é o recurso específico, descentralizado e de base comunitaria, para a prestación da atención temperá., existindo hoxe máis de 400 CDIAT no conxunto de España, con distintas denominacións segundo a normativa elaborada por cada Comunidade Autónoma.

**Funcións**

Segundo o LBAT "os Centros de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá (CDIAT) son servizos autónomos cuxo obxectivo é a atención á poboación infantil de 0-6 anos que presenta trastornos no seu desenvolvemento o que ten risco de padecelos". . Polas súas características é un servizo que debe estar sectorizado, para poder realizar un traballo de base comunitaria e centrado na familia, conforme a planificación que estableza a Consellería competente en materia de servizos sociais

O equipo dos CDIAT "será multiprofesional, de carácter interdisciplinar e de orientación holística, considerando que a intervención abarca aspectos intrapersonais,... propios de cada individuo, e interpersonais, relacionados co seu entorno, como son a familia, a escola e a cultura". O equipo "estará constituído por *especialistas en Atención Temperá",* que ademais da titulación propia terán "formación específica en intervención temperá, obtida mediante ciclos formativos de postgrado". Tamén, considérase "imprescindible" a formación continua como membro dun equipo.

En canto ao seu emplazamiento, "é conveniente que os CDIAT sexan de fácil acceso para as familias e estén ubicados na proximidade doutros servizos de atención primaria, como as escolas infantís, os centros de saúde o de servizos sociais" De esta maneira " facilítase a relación entre os diferentes axentes profesionais, o coñecemento do entorno natural dos nenos/as atendidos e das súas familias así como da realidade económica e social que conforma cada comunidade". Asemade, "cando os CDIAT compartan a súa ubicación con outros recursos é importante que estén ben diferenciados para a súa correcta identificación".

En canto as funcións dos CDIATS, as Recomendacións Técnicas para a Atención Temperá sinalan as seguintes, nos ámbitos do neno, a familia e o entorno:

**En relación ao neno:**

❑ Valoración e intervención multidimensional e interdisciplinaria

❑ Aportación e aplicación integrada de técnicas relacionais, de estimulación, fisioterapia, psicomotricidade, logopedia e psicoterapia

❑ Prescrición e xustificación de axudas técnicas alternativas e aumentativas orientadas á comunicación social.

❑ Prescrición e xustificación de axudas técnicas necesarias para o desenvolvemento persoal nas actividades da vida diaria ( excluíndo as prestacións do catalogo ortoprotésico dos servizos sanitarios).

❑ Coordinación cos recursos sanitarios, educativos e sociais

**En relación á familia:**

❑ Creación de marcos de participación familiar na toma de decisións e elección dun Coordinador Asesor da familia.

❑ Apoio emocional, social, informativo e formativo relacionado coa información diagnóstica ou co trastorno do desenvolvemento.

❑ Información, orientación e apoio relacionado co desenvolvemento persoal e as necesidades cotiáns.

❑ Apoio a reorganización da unidade de convivencia.

❑ Orientación sobre outros apoios económicos, sanitarios, educativos e sociais.

❑ Información sobre asociacións de pais, nais, usuarios/as e outras relacionadas.

**En relación ao entorno:**

❑ Análises de contextos e itinerarios con identificación de factores facilitadores e barreiras.

❑ Sensibilizar ao contorno comunitario respecto da comprensión do neno con trastornos no desenvolvemento.

❑ Apoio e coordinación con outros recursos .

- ❑ Extensión das redes de apoio social e autoaxuda.
- ❑ Asesoramento e participación na formación do voluntariado.
- ❑ Participación na formación e dirección dos grupos de autoaxuda

## 6. Autorización

**Como calquera outra entidade prestadora de servizos sociais**, que desenvolvan actividades de servizos sociais ou sexan titulares de centros e/ou programas os SAT deberán inscribirse con carácter previo no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS). Así mesmo cando cesen nas súas actividades deberán solicitar a súa cancelación no antedito rexistro

**Solicitude inscrición**

- ☐ Solicitude normalizada
- ☐ Acreditación da identidade da persoa que asina a solicitude, e, se é o caso, da representación que exerce.
- ☐ Copia da tarxeta de identificación fiscal.
- ☐ Documento acreditativo da composición do órgano de dirección
- ☐ Xustificante de ter satisfeitas as taxas por servizos administrativos.
- ☐ Relación de centros ou programas específicos que pretenda desenvolver, no eido dos servizos sociais, asinada polo representante legal da entidade.
- ☐ Copia da acta ou acordo de creación da entidade e dos seus estatutos, así como, cando se trate de persoas xurídicas, do certificado de inscrición no correspondente rexistro.

**A normativa que regula a autorización administrativa previa** para inicio e cesamento de actividades é a seguinte:

**Normativa aplicable**

- Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (DOG nº 245, do 18 de decembro).
- Decreto 291/1995, do 3 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, no relativo aos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais (DOG nº 218, do 14 de novembro)
- Orde do 18 de xaneiro de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 291/1995, do 3 de novembro, relativo aos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais (DOG nº 24, do 2 de febreiro)
- Orde do 5 de febreiro de 1996, pola que se desenvolve o Decreto 291/1995, do 3 de novembro, relativo aos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais (DOG nº

35, do 19 de febreiro)

- Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de Autorización e Acreditación dos programas e dos centros de Servizos Sociais. DOG nº 147 do 31 de xullo)

## 7. Acreditación

Para obter acreditación os CDIAT deben cumprir uns requisitos específicos de calidade[1]:

- No aspecto estrutural:
  - Deseño axeitado: accesibilidade, infraestrutura, condicións físicas, distribución de zonas e espazos, mobiliario e equipamento
  - Recursos humanos: competencias, categorías e funcións básicas, ratios de profesionais, procedementos de actualización formativa e condicións de emprego que permitan a prestación do servizo.
- No aspecto formativo:
  - Procesos eficientes de solicitude, acollida, valoración, intervención, avaliación e baixa nos servizos
  - Sistemas integrados de documentación, información, rexistro e comunicación entre axentes internos e externos
- No aspecto sumativo
  - Memoria de xestión económica
  - Memoria de xestión de expedientes: nº de casos, demoras, listaxes de espera, tipoloxía das actuacións, resultados, codificación administrativa e profesional.
  - Memoria de realización do plan de actividades
  - Enquisas de satisfacción das familias e dos recursos de base comunitaria

---

- [1] (Estándares de calidade en Atención Temperá, IMSERSO 2003)

## 8. Acreditación estrutural : contorno físico é mobiliario

**Accesibilidade**

- Os CDIAT deben estar próximos aos contornos naturais do neno, ás familias e aos recursos institucionais do seu entorno social próximo. A súa implantación debe realizarse nun ámbito territorial e xeográfico definido, dentro dun marco de planificación e sectorización racional de recursos.

- Ao tratarse dun dispositivo asistencial básico debe contar con elementos de identificación externa ben definidos e unificados no ámbito da Comunidade Autónoma.

- Asemade, estará situado nun entorno que sexa de acceso doado mediante transporte público.

- Estará aberto ás familias en horario de mañá e tarde, de luns a venres, ao longo de todo o ano, se ben no período estival ou vacacional poderá acordarse xornada intensiva.

- Disporán de buzón de suxerencias, teléfono con contestador automático e conta de correo electrónico para que as familias poidan concretar en calquera momento as súas demandas e peticións.

**Infraestrutura**

- Os CDIAT facilitarán a adecuación ambiental ás funcións previstas, creando un entorno físico que
  - Facilite a orientación
    - Mediante a ubicación nos accesos e zonas comúns de calendarios, reloxos, horario, formas de contacto e información das actividades do CDIAT
    - Sinalizando os espazos, incluíndo pictogramas
    - Marcando a diferenza do chan co teito e as paredes
  - Proporcione seguridade

    - Plan de autoprotección sinalando as vías de evacuación, extintores, advertencias e actuación en caso de incendio
    - Dispoña dun plan anual de mantenemento
    - Sinalice escaleiras e rampas, así como riscos potenciais
    - Conte cun protocolo de limpeza
    - Conducións eléctricas encaixadas na parede ou ocultas no ceo raso para evitar risco de contacto coas persoas usuarias.
  - Sexa confortable e acolledor
    - Tranquilo e sen ruídos téndose en conta axentes internos e externos.
    - Dispoña de luz natural, calefacción e medios de acondicionamento ambiental
    - Sen barreiras arquitectónicas, permitindo manobrar con carriños e cadeiras de nenos/as.

- Haberá separación a ser posible arquitectónica e se non funcional entre o Centro de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá e outros servizos que poidan prestarse no mesmo local.

**<u>Espazos e zonas do CDIAT</u>**

